



BORRADOR
ACTA DA SESIÓN ORDINARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO
18 DE XANEIRO DE 2017

ASISTENTES:**Presidenta:**D^a María Ramallo Vázquez**Concelleiros/as presentes:**

D. Manuel Santos Costa
D. Francisco J. Estévez Salazar
D^a. M^a. Cristina Acuña González
D^a. M^a. Antonia Sanmartín García
D. Antonio Traba Miñones
D. Pablo Novas Caballero

Na Vila de Marín e na súa Casa Consistorial, sendo ás 14:00 horas do día **18 de xaneiro de 2017**, baixo a presidencia da Alcaldesa, dona María Ramallo Vázquez, reúnen os concelleiros/as sinalados/as á marxe, co obxecto de celebrar a **SESIÓN ORDINARIA** da Xunta de Goberno Local, previamente convocada.

Concelleira ausente:D^a. M^a José de Pazo Allariz**Secretaria:**D^a. Paula Costas Romero.**1.- Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión anterior, celebrada o 11 de xaneiro de 2017.**

Sometido a votación o borrador da acta da sesión ordinaria celebrada o día 11 de xaneiro de 2017 e, ao non formularse observacións á mesma, resulta aprobada por unanimidade e sen rectificación algunha.

2.- Licenzas**Expte.: 100/16 LU - D^a. INMACULADA CONCEPCIÓN PESQUEIRA PORTAS. Licenza para rehabilitación de vivenda turística, sita en Secundino Lorenzo, nº 12 – Marín.**

Considerando que con data de 14/04/16 tiña entrada no Concello solicitude de licenza de obras maiores para substitución de cuberta mantendo o sistema estrutural coa mellora do illamento, a rehabilitación da fachada principal (ampliando os ocos da primeira planta e modificando a situación do oco da planta baixo cuberta), e a substitución da escaleira de acceso ao baixo cuberta e se realiza un carto de baño no mesmo, na vivenda turística existente na rúa Secundino Lorenzo nº 12, Marín, presentada por Dna. Inmaculada Concepción Pesqueira Portas.

Considerando que segundo o informe da técnico municipal de 26/05/16 o inmobile no que se pretende a actuación está en solo urbano de uso residencial xenérico con ordenanza Z.A.C.A.

Considerando que por Resolución de 29/12/16 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria:

" (...) As obras pretendidas exceden das permitidas segundo a normativa de aplicación no referente as modificacións dos ocos da fachada e a modificación da envolvente da cuberta ao incluír como parte da mesma a cubrición da terraza existente na planta baixo cuberta antes realizada cunha estrutura metálica lixeira independente.

A rehabilitación deberá ir encamiñada a manter as características estruturais e a composición exterior da envolvente do edificio tal e como se reflicte no artigo 155. As actuacións deberán manter a fachada actual; non habería inconveniente na substitución da cuberta mantendo o volume existente, mais debese desvincular a cubrición da terraza que no caso de realizarse será cunha estrutura lixeira similar á existente e on como prolongación da estrutura de cuberta (...)

4. A Comisión Territorial do Patrimonio Histórico de Pontevedra, na súa sesión do 20 de decembro de 2016, emite o seguinte informe-proposta:

Desfavorable sobre a actuación solicitada, xa que as obras pretendidas exceden das permitidas segundo a normativa de aplicación no referente as modificacións dos ocos da fachada e a modificación da envolvente da cuberta ao incluír como parte da mesma a



cubrición da terraza existente na planta baixo cuberta antes realizada cunha estrutura metálica lixeira independente.

No caso de interesarse nova proposta en relación á actuación (que se remitirá a través do concello formando parte do novo expediente no que este constitúe antecedente), a rehabilitación deberá ir encamiñada a manter as características estruturais e a composición exterior da envolvente do edificio tal e como se reflicte no artigo 155. Neste sentido, as actuacións deberán manter a fachada actual, si ben non habería inconveniente na substitución da cuberta mantendo o volume existente, máis débese desvincular a cubrición da terraza que, no caso de realizarse, deberá ser cunha estrutura lixeira similar á existente e non como prolongación da estrutura de cuberta (...)

RESOLVO

Non autorizar a substitución de cuberta, rehabilitación de fachada principal e substitución da escaleira (...)"

Sometido a informe xurídico este emítese en data de 12/01/17 do seguinte tenor literal (a efectos do art. 88.6 da Lei 39/15, de 1 de outubro, de procedemento administrativo Común das administracións públicas):

*" (...) Toda licenza urbanística constitúe un acto administrativo de carácter reglado, a través do cal se autoriza, ou denega no seu caso, unha determinada actuación, tras comprobar e controlar que se axusta **enteiramente ó ordeamento xurídico aplicable** (nesta liña a Sentenza do Tribunal Supremo. Sala do Contencioso, STS 5820/1999, nº de recurso 763/1992).*

As licenzas de obras deben outorgarse de acordo co establecido na lexislación urbanística e de conformidade co Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Marín (PXOM), aprobado definitivamente o 27/06/12 e publicado no BOP nº 198 do 15/10/12, por canto se trata dunha actividade municipal regrada e sempre de conformidade coa normativa vixente no momento da súa concesión por acto expreso ou silencio administrativo.

Segundo o tenor do artigo 357.3 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, "As resolucións sobre o outorgamento ou denegación de licenzas urbanísticas deben ser motivadas e congruentes co solicitado, con explícita referencia ás normas ou determinacións do planeamento que se incumpran".

No suposto en cuestión, habida conta que a Resolución da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria é preceptiva e vinculante, sendo esta desfavorable, e polo que procede denegar a licenza solicitada ".

En consecuencia, e á vista do establecido polo art.350.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, visto o informe xurídico de 12/01/17, a Xunta de Goberno Local no exercicio das atribucións delegadas por Resolución da Alcaldía de 16/06/2015 (BOPP nº 127 de 6/07/2015), por unanimidade **ACORDA**:

DENEGAR a licenza para substitución de cuberta, rehabilitación de fachada principal e substitución de escaleira na vivenda turística existente na rúa Secundino Lorenzo nº 12, Marín, presentada por Dña . Inmaculada Concepción Pesqueira Portas, dados os argumentos anteriormente expostos.

Expte.: 248/16 C.P. – INVERPONTUS 2015, S.L. representado por D. Esteban Martín Ligerio Justo Licenza de legalización de cambio de uso de trasteiro a vivenda, sita en Camiño Señorans nº 3, Bloque III , Escaleira 1 - Baixo Curberta C. Marín. Examinado o expediente de referencia e de conformidade cos informes técnico e xurídico favorables ao outorgamento de licenza, emitidos polo servizo municipal de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local, no exercicio das atribucións delegadas por resolución da Alcaldía de 16/06/2015 (BOP nº 127 de 06/07/2015) por unanimidade, **ACORDA**:

Primeiro - **CONCEDER** a INVERPONTUS 2015, S.L. representado por D. Esteban Martín Ligerio Justo licenza de legalización das obras para o acondicionamento interior do ático C no Camiño Señorans, portal nº 3, segundo proxecto redactado pola arquitecta Alicia Gómez Bala, visado polo correspondente colexio profesional en data 22/03/2016 e anexo visado en data 09/11/2016.



Este acto administrativo suxéitase ás seguintes condicións:

1.- Condicións xerais:

- A presente licencia outórgase **a salvo do dereito de propiedade**, en estricta suxeición ós termos expostos e sen perxuízo do dereito de terceiro nin da intervención ou atribucións que poideran corresponder a outras Administracións ou xurisdicións.
- O incumprimento das condicións establecidas na resolución de concesión da presente licencia e da normativa urbanística, poderá dar lugar á adopción de **medidas de restablecemento da legalidade urbanística e á apertura de expediente sancionador** por infracción urbanística, sen perxuízo do resarcimento de danos e perxuízos que poidan producirse.

Segundo - CONCEDER a INVERPONTUS 2015, S.L. representado por D. Esteban Martín Ligerio Justo licencia de obras necesarils para cumprimento da normativa de habitabilidade, con cambio de uso de trasteiro a vivenda, no Camiño Señorans, portal nº 3, segundo proxecto redactado pola arquitecta Alicia Gómez Bala, visado polo correspondente colexio profesional en data 22/03/2016 e anexo visado en data 09/11/2016.

Este acto administrativo suxéitase ás seguintes condicións:

1.- Condicións do art. 357.4 polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, segundo informe técnico da arquitecta municipal, de 10/01/17:

- a) Clasificación e calificación urbanística do solo obxecto de actuación: Solo Urbano de uso residencia xenérico.
- b) Finalidad da actuación e uso o que se destinará: Vivenda.
- c) Contía na que se orzan as obras: 2.160,00 €
- d) Situación e emprazamento das obras: Cmño. Señorans n.º 3, bloque II, Escaleira 1 – Baixo Cuberta-C. Marín
- e) Nome ou razón social do promotor: INVERPONTUS 2015, S.L.
- f) Técnico autor do proxecto e director das obras: D^a. Alicia Gómez Bala (Arquitecta)

2.- Condicións xerais:

- Prazo para o inicio e finalización das obras: Dado que se trata dunha obra mior e que non se fixan prazos no proxecto técnico presentado, adóptanse por defecto os seguintes prazos: Para o inicio das obras, dentro do ano seguinte á notificación do acto de outorgamento. 3 anos para o remate das mesmas dende á notificación do acto de outorgamento. E non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.
- Os prazos para inicio e remate das obras computaranse dende o día seguinte ó da notificación do outorgamento da licencia.
- O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licencia por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licencia sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.
- A licencia entenderase caducada, previa audiencia ó interesado, por transcurso de tres anos sen que se iniciaran as obras, e deberá obterse nova licencia axustada á ordenación urbanística en vigor.
- Será requisito indispensable dispoñer, xunto á obra, de **copia autorizada da licenza municipal e a colocación do cartel indicador** no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos os que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número do expediente.
- O promotor e o constructor deberán cumprir as **normas sobre seguridade e hixiene** no traballo na execución das mesmas, e será á súa conta a seguridade das obras que se autorizan e a súa conservación, estando na obriga de cumprir as órdenes de execución e reparacións que dispoña o Concello para manter as condicións de seguridade, salubridade e ornato.
- A presente licencia outórgase **a salvo do dereito de propiedade**, en estricta suxeición ós termos expostos e sen perxuízo do dereito de terceiro nin da intervención ou atribucións que poideran corresponder a outras Administracións ou xurisdicións.



- O incumprimento das condicións establecidas na resolución de concesión da presente licencia e da normativa urbanística, poderá dar lugar á adopción de **medidas de restablecemento da legalidade urbanística e á apertura de expediente sancionador** por infracción urbanística, sen perxuízo do resarcimento de danos e perxuízos que poidan producirse.
- **Deberá aportar certificado final de obra acompañado de fotografías para proceder a realizar a visita de comprobación.**
- Lémbrese ó interesado que deberá presentar xustificante da solicitude de inscrición do inmovible obxecto da presente licencia no Catastro Inmobiliario.

3.- Subvencións.

Expte.: 603/15.- DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. Dación de contas da comunicación da Deputación Provincial de Pontevedra, de data 10 de xaneiro de 2017, en relación co prazo para xustificar as subvencións concedidas ao abeiro do Plan dos Concellos 2016 (liña 4): Plan de Conservación e Funcionamento de Bens e Servizos Municipais.

Dáse conta da comunicación da Deputación Provincial de Pontevedra, de data 10 de xaneiro de 2017, referente o prazo concedido ao concello de Marín en base e segundo o disposto na base 18ª do Plan de Concellos 2016, ao obxecto de xustificar a subvención que lle foi concedida no marco da "LIÑA 4: Plan de Conservación e Funcionamento de Bens e Servizos Municipais", de dito plan.

A Xunta de Goberno Local queda informada do seu contido.

Expte.: 671/16.- DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. Dación de contas da comunicación da Deputación Provincial de Pontevedra, de data 11 de xaneiro de 2017, na que se informa da cantidade individual e definitiva que lle corresponde ao concello de Marín para o financiamento das solicitudes acollidas ao PLAN CONCELLOS 2017, e que ascende a 1.027.183,01 Euros.

Dáse conta da comunicación da Resolución Presidencial, de data 11 de xaneiro de 2017, pola que se aproba o reparto definitivo do crédito ao abeiro do PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2017, en aplicación dos criterios obxectivos de reparto establecidos na base reguladora sexta, corresponde ao concello de Marín para o financiamento das solicitudes acollidas a dito plan 1.027.183,01 Euros.

Con cargo a esta cantidade, e segundo os límites previstos na base reguladora quinta, o concello de Marín poderá destinar como mínimo á LIÑA 1, e como máximo ás LIÑAS 2 e 3, as cantidades que se relacionan na táboa que se inxire a continuación.

LIÑA DE SUBVENCIÓN	PORCENTAXE	IMPORTE
LIÑA 1	62,50% (MÍNIMO)	641.989,38 €
LIÑA 2	15% (MÁXIMO)	154.077,45 €
LIÑA 3	22,50 % (MÁXIMO)	231.116,18 €
TOTAL		1.027.183,01 €

A Xunta de Goberno Local queda informada do seu contido.

Expte.: 671/16 (B) .- DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. Solicitude de subvención con cargo á Liña 1 do Plan de Obras e Servizos (PLAN CONCELLOS) 2017.

Coñecendo o contido das bases do Plan de Obras e Servizos (Plan dos Concellos) 2017, a Xunta de Goberno Local, no exercizo das atribucións delegadas por resolución da Alcaldía de 16/06/2015 (BOP nº 127 de 06/07/2015), por unanimidade, acorda:

Primeiro - Realizar o investimento denominado "**Pavimentación da rúa Recamán**", asumindo o compromiso de cumprir as condicións para iso.

Segundo - Solicitar para a súa realización unha subvención por importe de **77.282,68 euros** . IVE incluído con cargo ó Plan de Obras e Servizos (Plan dos Concellos) 2017, asumindo o compromiso de comunicarlle á Deputación de Pontevedra calquera modificación das circunstancias que foron tidas en conta para o outorgamento da subvención.

Terceiro - Non colaborar no seu financiamento.



Cuarto - Os terreos precisos están dispoñibles para a normal execución das obras e non son necesarias, licenzas, autorizacións nin concesións administrativas para levalas a cabo.

Quinto. Declarar que:este Concello non solicitou nin recibiu outras axudas ou subvencións, procedentes de organismos públicos ou entidades privadas, coa mesma finalidade. Así mesmo, este Concello asume o compromiso de comunicar as que se obteñan nun futuro.

Sexto. Declarar que a finalidade subvencionable é competencia municipal (artigo 7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

URXENCIA: A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, decidiu tratar pola vía de urxencia o seguinte asunto:

Expte.: 24/17.- AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL. Dación de contas do Acordo do Consello de Dirección do 29 de decembro de 2016, polo que se aproban as bases reguladoras das axudas que se tramiten ao abeiro da medida Leader (submedidas 19.2 e 19.4), cofinanciadas co Feader no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (PDR).

Dasé conta da resolución do 29 de decembro de 2016 pola que se publica o Acordo do Consello de Dirección do 29 de decembro de 2016, polo que se aproban as bases reguladoras das axudas que se tramiten ao abeiro da medida Leader (submedidas 19.2 e 19.4), cofinanciadas co Feader no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (PDR). (DOG Núm. 12 do 18 de xaneiro de 2017).

A Xunta de Goberno Local queda informada do seu contido.

4.- Rogos e preguntas. Non se formularon.

Sendo as 14:20 horas, e sen máis asuntos que tratar, a sra. Alcaldesa-Presidenta, procede a levantar a sesión, do que como Secretaria dou fe.

A ALCALDESA

A SECRETARIA

María Ramallo Vázquez

Paula Costas Romero.